

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15019323	CEIP Plurilingüe Alborada	A Coruña	2024/2025

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	7
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	7
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	8
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	9
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	10
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	10
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	11
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	11
o) Outros apartados	12

## a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non - discriminación de persoas con diversidade funcional ou cognitiva.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e a lingua galega, e desenvolver hábitos de lectura e escritura
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Coñecer e valorar a natureza e aqueles elementos máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na mellora da interacción social.

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

O desenvolvemento das competencias abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinaria.

As competencias que debemos desenvolver son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia Plurilingüe (CP)
- Competencia matemática e competencias en ciencia ,tecnoloxía e enxeñería( STEM)
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia emprendedora (CE).
- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC).

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia integrada.

Dado que ditas competencias se adquiren de forma secuencial e progresiva todo o proceso ensino-aprendizaxe debe favorecer a continuidade, coherencia e cohesión tanto de maneira horizontal( niveis) como vertical ( ciclos e etapas). Sinalar que a introducción do traballo por ámbitos ten un aporte moi significativo na aprendizaxe competencial.

## **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Nos últimos anos a sociedade sensibilizouse nalgúns aspectos que inciden directamente na marcha do sistema. Algúns trátanse sempre dentro do currículo, outros son elaborados como complemento á programación.

Son temas de impacto actual e de gran importancia que deben tratarse.

Educación para a convivencia:

O feito de que a propia escola sexa o lugar de encontro entre persoas distintas que forman unha comunidade e cuxos intereses non sempre son harmónicos, fai da escola un lugar idóneo para poder aprender por propia experiencia esas actitudes básicas e necesarias para unha convivencia realmente libre, solidaria, democrática e participativa.

Por outro lado, a construción de actitudes que estimulen ao diálogo como vía de resolución de conflitos entre persoas ou grupos será o noso obxectivo básico.

Educación do consumidor:

Os nenos/as son os máis afectados no acoso publicitario que actualmente reina neste modo de vida. Por isto debemos instrumentalizar actividades que outorguen no posible criterios para o uso adecuado dos materiais en función da súa utilización e non de modas ou campañas publicitarias.

Educación para a saúde:

Promovendo unha alimentación adecuada co horto escolar e o mercado de proximidade como fíos conductores e fomentar a actividade física como modo de vida e ocio vencellando ambos a unha boa calidade de vida.

Educación ambiental:

Traballando o espazo natural como algo realmente noso , ensinando a coidalo, promovendo un disfrute consciente do entorno e unha actitude respectuosa por todo o relacionado co medio natural.

Educación cívica-constitucional

Traballaremos aspectos espazo- temporais, de orientación e o coñecemento das nosas rúas, e dos modelos de convivencia como cidadáns en tódalas facetas

Educación intercultural:

Contribuíndo a que todos os nosos alumnos/as, independentemente da súa raza, aprendan a convivir na nosa escola como espazo democrático, preparándoos para a vida futura e mellor inserción social.

Procurando fomentar valores e principios que sosteñan unha vida pacífica fora de racismos e intolerancias.

Coeducación:

Modificaremos hábitos discriminatorios por sexo e procuraremos actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual.

Educación para a paz:

Nestas idades os conflitos de relación son bastante frecuentes. Os roces, os choques, os enfados fan que as veces xurdan belixerantes relacións. Coas nosas actividades debemos encouzar estas situación para dar a posibilidade de solucionarlas polo camiño da aceptación dos erros, da comprensión ou da palabra fronte á agresividade.

Educación para a cultura:

Realizaranse actividades que favorezan o coñecemento da diversidade cultural co contacto de diferentes manifestacións artísticas e de visitas a espazos diversos.

Cultura galega:

O coñecemento e práctica de actividades que favorezan un acercamento á comprensión e respecto das peculiaridades do noso país.

En tódalas áreas do currículo traballaranse elementos transversais que favorezan :

- Comprensión / expresión oral e escrita
- Uso das tecnoloxías da información-comunicación
- O emprendemento e espírito crítico
- Conciencia social e cultural

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

O centro situase nunha metodoloxía mais vencellada a aprendizaxe por descubrimento e experimentación prescindindo dos manuais tradicionais de texto en favor de materiais manipulativos e de consulta.

As novas tecnoloxías teñen un papel esencial no proceso de ensino-aprendizaxe levado a cabo sendo unha ferramenta habitual do profesorado e do alumnado.

Pretendemos que o noso modelo de educación sexa integral favorecendo o desenvolvemento de capacidades, valores e procedementos na aprendizaxe do neno/a.

Deste xeito, convertémonos nun mestre/a mediador/a que trata de que os seus alumnos/as desenvolvan as súas capacidades (ensinar a pensar) e valores (ensinar a querer).

Todo isto dentro dunha aprendizaxe global que busca a integración do maior número de aspectos posibles recollidos dentro dos diferentes núcleos de contidos, relacionando coñecementos, procedementos e actitudes.

No noso traballo diario utilizaremos os modelos metodolóxicos que consideremos que resultan preferibles para que o alumnado poda acadar os obxectivos propostos; atendendo á heteroxeneidade de alumnado e profesorado. Algúns dos mesmos son:

- Discurso expositivo.
- Discurso de experiencias.
- T alleres.
- Aprendizaxe cooperativo.
- Traballo por ámbitos de aprendizaxe .
- Traballo por proxectos.

Como principios metodolóxicos teremos en conta:

- Actividade e experimentación.
- Participación.
- Motivación.
- Personalización.
- Inclusión.
- Interacción.
- Significatividade.
- Funcionalidade.
- Globalización.
- Avaliación formativa.

-Porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta

os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias ; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de calquera tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros organizarán a súa práctica docente de forma que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a vinte minutos.

- A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade dos/das alumnos/as, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as eles/ as e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

- Prestaráselles especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

- Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

O punto de partida da aprendizaxe dos/as alumnos/as son primeiro os coñecementos previos.

- Búscanse tarefas que captan a motivación do alumnado e facilitan así a aprendizaxe.

- Tense en conta que os nenos/as aprendan de distintas formas e a ritmos diferentes polo que se flexibilizarán as tarefas de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar.

- Considerarase o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe, dándolle así aos alumnos/as confianza en si mesmos/as.

Cabe destacar que a acción docente que se leva a cabo no centro é o resultado dunha coordinación e formación permanente do profesorado co fin de lograr un desenvolvemento do proceso educativo e que exista unha liña de traballo en común, respectando as particularidades e criterios de cada mestre/a

Unha novidade importante é o traballo por Ámbitos de aprendizaxe que se leva a cabo no centro un día a semana traballando nos ciclos misturando o alumnado das distintas aulas para acadar unha aprendizaxe entre iguais titorizada polo docente .A día de hoxe os ámbitos que se traballan son Lingüístico, Matemático, Científico, Stem e Artístico (Plurilingüe) e búscase crear situacións de aprendizaxe que melloren as competencias do noso alumnado.

Levaranse así mesmo a cabo unha serie de medidas curriculares e diversas vías de comunicación /coordinación que faciliten a transición dunha etapa á outra e a continuidade da metodoloxía.

## **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico .

De tal modo, establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

1. Adecuación ao contexto educativo do centro.
2. Correspondencia cos obxectivos promovidos
3. Coherencia dos contidos propostos .
4. Diferente tipoloxía e potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
5. A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
6. Respectuosos co medio ambiente.
7. Accesibilidade cognitiva e funcional
8. Seguridade e durabilidade.
9. Versatilidade e múltiples opcións de uso.

### **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

O centro oferta o segundo ciclo de Ed. Infantil ( co programa de anticipación da lingua inglesa e impartición por parte dos especialistas do centro das materias de Música e Psicomotricidade) e Educación Primaria

O alumnado cursa Arts (en Lingua Inglesa) de 1º a 6ª de Educación Primaria coa participación en Proxecto Plurilingüe e co Proxecto Pluriinfantil traballan aspectos da Área de Comunicación e Representación en Lingua inglesa.

O alumnado, tal e como establece a lexislación vixente, poderá optar pola área de Relixión ou Proxecto Competencial. A materia de Proxecto Competencial está impartido polo profesorado de E.F. acompañado de un titor/titora xuntando o alumnado do mesmo nivel educativo e ten como obxectivo concienciar ao alumnado da importancia dos hábitos saudables( alimentación, movemento físico e vida social activa) para o noso benestar físico e mental así como de levar esta idea ao conxunto da sociedade da nosa comunidade educativa

O centro establece como un eixe fundamental o Fomento da Actividade Física polo cal ademais de traballala no Proxecto Competencial o centro adica tempo á actividade física compartida fomentando a sociabilidade a través de xogos de carácter cooperativo e vencellando dita actividade aos Programas de Benestar físico-social e a realización de rutas urbanas e rurais para o coñecemento do entorno por parte do alumnado e contribuíndo ao desenvolvemento sostible do movemento.

Outro eixe é a educación emocional que favorezan a expresión das propias emocións, gustos, fobias, etc. así como a comunicación afectiva efectiva e será unha parte importante da Acción Titorial coordinada pola Coordinadora de Benestar do centro e o Xefe do Departamento de Orientación

### **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

As actividades complementarias deben seguir os seguintes criterios de escolla e/ou deseño:

1. Adecuación ao contexto educativo do centro.
2. Correspondencia cos obxectivos promovidos.
3. Coherencia dos contidos propostos .
4. Diferente tipoloxía e potencialidade.
5. Valor artístico e cultural se procede.
6. Respecto ao medio ambiente.
7. Grao de accesibilidade cognitiva e funcional.
8. Fomento da nosa cultura.

Todas as actividades complementarias deben ser integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades , a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

A CCP ven de establecer nun documento unha serie de actividades de realización habitual nos diferentes niveis/cursos así como a tipoloxía das actividades de carácter cultural en función dos parámetros anteriormente citados. O documento busca unha coordinación vertical nas actividades solicitadas que redunde en beneficio do alumnado perseguindo o obxectivo de formar unha base cultural na ensinanza obrigatoria.

### **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

Toda a práctica educativa estará enfocada á atención da diversidade. A escola, como a sociedade, acolle diversidade de persoas con características e necesidades propias. Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.
- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión
- Partiremos do nivel de cada alumno/a.

- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.
- Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algúns estudantes.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio.

Reciben este tipo de reforzo aqueles alumnos/as que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos dos alumnos/as e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía, poden seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe, vinculado fundamentalmente ás áreas de alto contido instrumental: lingua castelá, lingua galega e matemáticas

Por outra banda, a adaptación curricular (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais. O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais da etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada curso. Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular.

Os nenos/as con adaptacións curriculares reciben apoio por parte da mestra de pedagogía terapéutica e, se é o caso, por parte da mestra de audición el linguaxe.

En todo caso intentarase:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

O programa de reforzo será realizado polo profesorado titor en base ao informe realizado pola titora ou titor do curso anterior e que deberá constar no expediente do alumno-a.

A Xefatura de Estudos proporcionará a todo o profesorado un guión para a elaboración de dito programa de Reforzo e poder contar co acompañamento do Departamento de Orientación na súa elaboración.

### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

A atención aos nenos/as que deban permanecer un ano máis no mesmo curso non debe desvirtuar o que debe ser a intención fundamental deste curso, que persegue a educación integral de todos os alumnos e alumnas e que se materializa na necesaria inclusión de todo o alumnado.

Tomaranse medidas adecuadas ás necesidades educativas do alumnado.

Por una banda, mediante respostas de tipo curricular, que se concretan na elaboración, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares con distintos graos de significatividade.

Por outra banda, respostas organizativas, que teñen que ver coa organización dos recursos humanos e materiais do centro para atender este alumnado e coa planificación das medidas educativas máis adecuadas para asegurar o seu adecuado progreso

Tomaranse medidas de reforzo :

- Os apoios nas áreas de lingua e matemáticas, e se fose necesario, as adaptacións do currículo. Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias.



-Apoios por parte de profesorado especialista se fora necesario

-Reforzo fóra de aula, coas mestras especialistas de AL e PT, coas que anticiparán ou reforzarán contidos impartidos no resto de horas

O Plan de Acción Titorial tenderá a favorecer o seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado e establecerá medidas que permitan manter unha comunicación fluída coas familias, tanto co fin de intercambiar informacións sobre aqueles aspectos que poidan resultar relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe dos alumnos/as, como para orientalos e promover a súa cooperación.

Así mesmo, asegurará a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións mediante procedementos de coordinación do equipo educativo que permitan adoptar acordos sobre a avaliación e sobre as medidas que deben poñerse en marcha para responder ás necesidades detectadas.

Facilitarase a inclusión dos alumnos/as no seu grupo e no conxunto da dinámica da aula.

Potenciarase o esforzo individual e o traballo en equipo.

Efectuarase un seguimento global da aprendizaxe dos alumnos/as para detectar dificultades e necesidades especiais e recorrer aos apoios ou actividades adecuadas.

## **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo.

A primeira medida levaríase a cabo polo/a mestre/a da materia( De ser o caso de ter profesorado con dispoñibilidade horaria podería axudar a facer este reforzo )

Nos atopamos coas seguintes medidas ordinarias:

- Adecuación da estrutura organizativa da aula.
- Adecuación das programacións didácticas.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo.
- Adaptación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia.
- Reforzo educativo e apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Plan específico de reforzo para alumnado de Educación Primaria que permaneza un ano no mesmo curso.
- Programas de habilidades e competencias sociais.

Se aínda así, o progreso do alumno/a non é o axeitado derivaríase ao departamento de orientación, para nun primeiro momento facer unha valoración das súas necesidades educativas e se fose necesario sería atendido polas mestras especialistas de PT e AI

Ao finalizar os cursos de segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do /a titor/a.

Atenderase pois aos criterios de promoción de 2º, 4º e 6º de educación primaria a seguir:

1. Promoción automática con todas as materias aprobadas.
2. Promoción automática se o alumno/a xa permaneceu un curso máis en Educación Primaria independentemente das materias suspensas unha vez aplicado o plan de reforzo establecido para cada alumno que estea neste caso, e considerar cales son as súas necesidades( proposición dunha AC se fose o caso.)
3. En caso de que o alumno/a non teña acadado unha valoración positiva en tódalas áreas, considerarase que debe permanecer un ano máis no mesmo curso cando non teña superado as materias instrumentais máis sempre sometido á consideración do profesorado que incida no grupo ao que pertence o rapaz/a e cunha decisión tomada de maneira unánime.
4. Non caberá repetición dun alumno/a se non se aplicou un plan de reforzo establecido e individualizado en cada caso. Este plan debe serlle notificado á familia, mediante a correspondente titoría
5. A permanencia no mesmo curso é unha medida de carácter excepcional, e esta decisión soamente poderá adoptarse unha vez en toda a etapa. Neste caso o equipo docente elaborará un plan específico de reforzo para que durante este curso o/a alumno/a poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

6.A promoción en 1º, 3º e 5º será de xeito automático

7.Os criterios de promoción do alumnado con AC serán os mesmos que os criterios de promoción establecidos para o curso co que se corresponda a mesma.

8. Un neno ou nena pode flexibilizar co adianto dun curso académico nas condicións establecidas pola administración e sempre e cando dita promoción fose considerada beneficiosa para o rapaz/a polo equipo docente, familia e DO. Esta medida soamente se poderá levar a cabo unha vez en toda a etapa

### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e as alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresainde ao rematar educación primaria en varias e que demostren un rendemento competencial académico e social excelente ademais de mostrar uns valores sociais acordes a un desenvolvemento integral saudable.

1.-A proposta de « Mención honorífica » farase constar na acta de avaliación e deberá otorgarse de maneira unánime polo equipo docente.

2.- A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente nese curso.

3.-En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado sexa inferior a vinte, poderá concederse só unha mención de matrícula de honra.

### **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

Cada docente elaborará a principio de curso, respectando os prazos establecidos, as programacións didácticas das áreas que imparte.

A súa elaboración seguirá a lexislación vixente, o recollido no documento de concreción curricular e as instrucións de Inspección educativa.

Os mestres e mestras do centro seguirán unha serie de pautas á hora de elaborar as programacións de aula de cada curso, mantendo un esquema de referencia que lles permita levar a cabo un traballo común e consensuado en tódalas etapas educativas.

Deste modo, tódalas programacións reflicten os seguintes indicadores:

-Introdución e contextualización.

- Competencias Clave.

-Obxectivos.

-Contidos.

- Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliable e grao mínimo de consecución ( mínimos) para superar a materia.

-Temporalización.

- Procedementos e instrumentos de avaliación.

- Metodoloxía.

- Materiais e recursos didácticos incluídos libros de texto se os houber.

- Criterios de avaliación e de cualificación e promoción.

-Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

-Deseño da avaliación inicial.

-Medidas de atención á diversidade. (reforzo, AC, plan de enriquecemento curricular...)

-Procedemento de información ás familias.

-Actividades complementarias e extraescolares programadas.

- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Os centros docentes dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvolven a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, Plans e Proxectos reflectidos no seu Proxecto educativo, así como outros programas nos cales participa o centro de xeito anual, os cales son ofertados pola Consellería de Educación e outras entidades.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son escoller aqueles que :

- Nos axudan a conseguir unha escola plural na que os conflitos se resolvan por medio do diálogo.
- Permiten a colaboración de xeito interdisciplinar mediante tarefas nas áreas das linguas.
- Permiten crear lectores/as eficientes.
- Permiten motivar a futuras científicas/os
- Aqueles que levan a cabo una acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.
- Proxectos relacionados co coidado do medio ambiente e o desfrute consciente do mesmo
- Proxectos que axuden a mellora da Competencia STEM
- Proxectos que axuden a mellorar a Atención a diversidade
- Proxectos que favorezan a igualdade de oportunidades de cara a un aprendizaxe inclusivo e universal
- Proxectos que melloren a formación do profesorado

A tal fin someterase á consideración do claustro e ou Consello Escolar, segundo dispoña a existencia vixente, a participación en ditos programas, proxectos e plans como:

PLAN DE CONVIVENCIA.  
PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.  
PROXECTO LECTOR- CLUB DE LECTURA  
PLAN DE ACCIÓN TITORIAL  
CONTRATOS PROGRAMA INNOVA  
CONTRATOS PROGRAMA INCLÚE  
PROXECTA PLUS  
PLAMBE E RADIO ESCOLAR  
POLOS CREATIVOS  
CLUB DE CIENCIA  
VOZ NATURA e PRENSA ESCOLA  
PLANS FORMACIÓN PROFESORADO

### **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

A concreción curricular debe constituir unha guía eficaz para o desenvolvemento do proceso ensino-aprendizaxe no centro polo cal debe verse como un documento vivo o cal someterase a revisión anual por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica e se esta o considerara oportuno a unha revisión por parte do Claustro, tendo en conta as achegas realizadas ao respecto polo profesorado.

Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións legislativas que vaian xurdindo. Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características tanto do centro educativo como do profesorado e alumnado.

## **o) Outros apartados**

### **1. Eixes fundamentais do noso centro**

- 1.- Respecto a un mesmo e aos demais coa máxima de "dereito a ser EU"
- 2.-Respecto pola igualdade de xénero e a NON discriminación
- 3.- Búsqueda do Benestar Físico e Mental cunha educación física e emocional axeitada
- 4.-Metodoloxía activa creando situacións de aprendizaxe que busquen a mellora competencial do noso alumnado
- 5.- Traballo por ámbitos de aprendizaxe alomenos un día a semana co fin de fomentar a autonomía e a competencia de Aprender a Aprender.
- 6.-Respecto polo medio ambiente buscando o coidado do noso entorno e o dos demais